Protocolo de incorporación ao programa de inserción socio-laboral

igaxes

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN 3
OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL E PERSOAS DESTINATARIAS. 7
CRITERIOS DE ALTA NO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL 8
MODELO DE COORDINACION COS EQUIPOS TÉCNICOS DO MENOR DA CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL E XUVENTUDE. 9
CRITERIOS DE BAIXA DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL. 10
PROCESO ALTA NO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL. 11
PROCESO BAIXA DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL 14
ORIENTACIÓN DAS FASES DE TRABALLO COAS MOZAS E MOZOS: 16
ANEXOS 18

INTRODUCCIÓN

Tradicionalmente nos programas de emprego tense traballado coas persoas participantes a súa empregabilidade desde o punto de vista das capacidades básicas para a busca de emprego e as habilidades persoais, ensinándolle, entre outras cousas, a facer un currículo, a afrontar unha entrevista de traballo ou que coñeza onde están os principais recursos relacionados co mundo laboral. Este esquema de traballo parte da idea de que o emprego e a inclusión social van da man, de tal xeito que unha persoa con emprego é unha persoa integrada socialmente. Sen embargo, esa correlación non é tan clara. Un emprego é importante para a inclusión social pero non o único factor para acadar unha inclusión real.

O termo exclusión social fai referencia á falta de participación da poboación na vida social, económica e cultural das súas respectivas sociedades debido á carencia de dereitos, recursos e capacidades básicas (acceso á legalidade, ao mercado laboral, á educación, ás tecnoloxías da información, aos sistemas de saúde e protección social). Loxicamente, entenderemos por inclusión social a presenza destes aspectos, e como podemos ver van bastante máis alá do acceso a un emprego.

Neste senso, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, no seu Título Preliminar, artigo 3 establece os "criterios para a valoración da situación de exclusión social ou risco de exclusión social", sendo os que seguen:

- Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabituación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%.
- Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaría.
- Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- Pertencer a unha minoría étnica.
- Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte dos técnicos da Comunidade Autónoma.

Estes son factores polos que a Xunta de Galicia considera que unha persoa estaría en situación de risco social. Se nos centramos exclusivamente nas mozas e mozos residentes en acollemento residencial e que se encontran en proceso de saída, encontrámonos ademais cun factor condicional que é un proceso de tránsito á vida adulta. Tal e como recolle Miguel Melendro Estefania no seu libro *"El tránsito a la vida adulta de los jóvenes en dificultad social"* (UNED, 2010), a Unión Europea incluíu na súa axenda a adolescentes e mozas e mozos en

dificultade ou desvantaxe social "como un grupo obxectivo estratéxico, e plantexa abordar estas situacións de desvantaxe desde dous ámbitos prioritarios: a educación e formación das mozas e mozos e o incremento da súa participación no mercado laboral".

Segundo o mesmo autor, en traballos desenvoltos por autores como Manuela Du Bois-Reymond ou Andreu López Blasco constátase que na actualidade estanse desenvolvendo na Unión Europea unha serie de políticas que teñen como obxectivo levar ás mozas e mozos cara á integración social, pero que en lugar de iso o que conseguen é producir e reproducir exclusión social. Chegan a esta conclusión partindo da hipótese de que as transicións de mozas e mozos á madurez están a sufrir un proceso de desestandarización, mentres que as institucións e políticas orientadas a facilitar tales transicións seguen operando baixo o suposto de un modelo lineal do curso da vida, no que a integración social é equivalente á integración no mercado laboral (...). Propoñen estes autores un novo punto de vista político que teña en conta as transicións flutuantes na mocidade, os cambios moitas veces impredecibles no entorno, así como os riscos que estes conlevan.

Diversos estudos nacionais (Proyecto Telémaco, Inglés, 2005) e estranxeiros (Yergeau, Pauzé e Toupín, 2007) mostran que as mozas e mozos do sistema de protección de menores transitan máis rapidamente – precozmente- e en maior proporción á vida adulta, o que causa situacións económicas moito máis precarias, en ocasións desastrosas. A ausencia de recursos de atención socioeducativa nese tránsito fai ás mozas e mozos protexidos máis vulnerables á presenza de episodios de itinerancia –mozas e mozos sen teito- e actitudes antisociais. Conclúen os autores recomendando que os programas de intervención con estas persoas adultas novas van máis alá da mellora da empregabilidade, e incorporen apoios emocionais antes e durante a transición, apoio para o establecemento de relacións afectivas e sociais positivas máis alá das familiares así como intervencións complementarias para a redución do consumo de sustancias tóxicas e do estres ligado á autonomía precoz á que se ven forzados.

Desde os seus inicios, a inclusión social e laboral das mozas e mozos é o obxectivo principal de Igaxes, e polo tanto do Programa de Inserción Socio-Laboral, pero o contacto con outras entidades e programas levounos a realizar unha profunda reflexión sobre o concepto de inclusión, superando a idea de que unha inserción laboral xestionada por un axente exterior aseguraba a inclusión, debatendo e definindo este proceso, chegando á idea de que son as persoas e non os programas ou as iniciativas as responsables do seu propio proceso. No noso caso son as mozas e os mozos as persoas protagonistas da súa inclusión en diferentes esferas da realidade social, para o que se fai preciso o apoio dos programas e neste caso dun recurso como é o recurso de apoio á inserción / vivenda tutelada.

Non podemos esquecer que cada moza e mozo con independencia do seu nivel de formación, a súa cualificación profesional, a súa situación familiar, persoal e de saúde, presenta unhas necesidades de inclusión social diferentes. Ademais, no caso delas e deles, integrados dentro do sistema de protección de menores, en moitos casos non son conscientes da súa situación e das súas necesidades, precisando un proceso de toma de conciencia das súas potencialidades e da súa situación actual. Este proceso é o punto de arranque da labor educativa dun recurso como unha vivenda, podendo traducilo ou resumir na idea: "*saber onde estamos para saber onde queremos chegar*".

Para poder iniciar calquera proceso persoal de inclusión, o ou a protagonista ten que ser a propia persoa, pero debemos de apoiala neste proceso dotándoa de ferramentas nun proceso de empoderamento. O termo **empoderamento**[1] humano abarca unha extensa gama de significados, e interpretacións e ten sido abordada desde distintas disciplinas.

- [1] Friedman, J. (1992), Empowerment. The Politics of Alternative Development, Blackwell Ed., Massachusetts.

A orixe da filosofía do empoderamento está no enfoque da educación popular desenvolta nos anos 60 a partir do traballo do autor brasileiro Paulo Freire. Empezouse a aplicar no colectivo de mulleres, aínda que é aplicable a todos os grupos vulnerables. O seu desenvolvemento foi proposto por primeira vez a mediados dos anos 80 por Dawn (1985), unha rede de grupos de mulleres e investigadoras do Sur e do Norte, para referirse ao "proceso polo que as mulleres acceden ao control dos recursos (materiais e simbólicos) e reforzan as súas capacidades e protagonismo en todos os ámbitos". Desde este enfoque máis feminista, o empoderamento das mulleres abarca desde o cambio individual á acción colectiva, e implica a alteración radical dos procesos e estruturas que reproducen a posición subordinada das mulleres como xénero.

Desde eses anos, o termo "empoderamento" aumentou o seu campo de aplicación, tanto na aplicación a distintos colectivos vulnerables, como no seu emprego por organismos como Nacións Unidas ou o Banco Mundial.

Friedman (1992, Empowerment. The Politics of Alternative Development, Blackwell Ed., Massachusetts) sinala que o empoderamento está relacionado co acceso e control de tres tipos de poderes: social (acceso á riqueza produtiva), político (acceso á toma de decisión), e o psicolóxico (potencialidade e capacidade individual). Neste sendo podemos dicir que o empoderamento ten una dimensión individual e outra colectiva, traballando por un lado coa persoa para poder elevar os seus niveis de confianza, autoestima e capacidade para responder ás súas propias necesidades. Polo tanto, o proceso de empoderamento vai precisar, como primeiro paso, recuperar a auto estima das persoas e a crenza de que teñen a lexitimidade para tomar as súas propias decisións.

Estes anos de experiencia levounos a identificar a finalidade esencial dos distintos ámbitos do Programa (tanto no Programa en xeral como nas vivendas en particular) cun proceso de empoderamento, onde a moza ou o mozo que accede ao Programa, decide e adopta como obxectivo propio a inclusión socio-laboral, pero dende unha toma de conciencia da súa situación persoal e das súas necesidades que vai máis alá da inserción laboral. O Programa pasa a ser o espazo dende o que se traballa o empoderamento de cada moza e mozo (dun xeito máis integral na vivenda e dun xeito máis específico no caso das mozas e mozos que sendo alta no Programa non residen nas vivendas), entendendo por tal o proceso de fortalecemento da persoa mediante o cal esta se converte en suxeito activo do desenvolvemento do seu proxecto de vida e onde é o ou a protagonista, toma as súas decisións e accede a uns recursos que o poden facer viable.

Dentro do proceso de intervención educativa, *empoderamento persoal*, podemos distinguir dous grandes bloques de capacidades, a autonomía e a autodeterminación, que deben ser traballados con cada unha das mozas e mozos que se incorporaran ao Programa:

- *Autonomía:* definímola como un conxunto de capacidades que lle permiten a unha persoa a consecución do obxectivo ou meta que se ten proposto.

- *Autodeterminación:* a capacidade para tomar decisións e iniciar cambios, impulsar melloras ou ter propósitos/ soños para o futuro. Por medio deste proceso a persoa toma conciencia de si mesma e recoñece os seus desexos e aspiracións, actúa como un motor ou impulsor do proceso de cambio.

A modo de reflexión final podemos establecer que o obxectivo do Programa de Inserción Socio-Laboral é apoiar os procesos de empoderamento de cada moza e mozo que se incorpora, facilitando ou promovendo a participación social e comunitaria que ten como derradeiro fin posibilitar unha cidadanía activa (entendida esta como a formación das persoas para que participen de xeito pleno e positivo na sociedade na que viven, coñecendo os seus dereitos e obrigas e sabendo exercelos), e sempre tendo en conta que este proceso de empoderamento pasa, necesariamente, pola inserción laboral, fin último do Programa de Inserción Socio-Laboral.

Non podemos esquecer facer referencia a que este proxecto foi elaborado a fin de dar resposta a unha necesidade das mozas e mozos que están ou estiveron baixo a tutela da Xunta de Galicia, preparar o tránsito dende os centros de protección a unha vida autónoma e ao exercicio pleno da súa cidadanía. Para poder traballar nesta liña é preciso contar coa participación de varios axentes e onde o Programa de Inserción Socio-Laboral adopta o papel de elemento de coordinación e seguimento. Apoiar o traballo de empoderamento dunha moza ou mozo precisa da colaboración estreita de diversos axentes, que terán un papel clave en determinados intres do proceso de empoderamento, entre outros podemos destacar:

- As mozas e os mozos do programa.
- O equipo educativo da vivenda e as técnicas e técnicos de Inserción Laboral.
- Os equipos técnicos de menores das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude.
- A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- A rede de centros de menores.
- Os recursos formativos e de emprego.
- Os grupos de iguais.
- Os recursos de ocio e tempo de lecer.
- As familias de orixe.
- Os Xulgados e as Fiscalías de Menores.

O traballo de empoderamento é moito máis complexo sen estes recursos ou cando os mesmos actúan de forma individualmente xa que a moza e o mozo pode percibir mensaxes en direccións contraditorias que dificultan un proceso educativo no que a persoa debe asumir a súa situación e valorar diferentes opcións de traballo para loitar polos seus soños e acadar unha cidadanía plena. Os discursos discrepantes actúan como elementos distractores dos procesos realmente claves podendo chegar a situacións de indefensión aprendida, o que nos levaría a iniciar de novo un proceso educativo dende un punto moi básico coa dificultade de que o tempo de atención cada vez é máis breve, xa que estamos a traballar con mozas e mozos próximos á maioría de idade.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL E PERSOAS DESTINATARIAS.

Os obxectivos prioritarios que se perseguen co Programa Inserción Socio-Laboral son os seguintes:

- Facilitar a inserción laboral das mozas e mozos que se incorporen ao programa, a través da información, formación, orientación, asesoramento e acompañamento individualizado ao longo do proceso.
- Promover a inserción laboral das mozas e mozos a través da mellora das súas habilidades persoais e sociais, da participación nos recursos sociais normalizados e na vida cultural e social do entorno, fomentando os vínculos co seu ámbito físico e xeográfico.
- Motivar ás mozas e mozos que se incorporen ao Programa de Inserción Socio-Laboral de xeito que adquiran conciencia da súa situación e se responsabilicen e participen activamente nos seus procesos de emancipación.
- Preparar ás mozas e mozos para a vida independente, ben a través da estancia nos recursos de apoio á inserción propios do programa, ben a través de plans de vida independente supervisados desde o programa.

Poden ser **participantes** do Programa de Inserción Socio-Laboral as mozas e mozos de entre 16 e 21 anos que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración Pública, suxeitos a medidas xudiciais ou sexan usuarias doutros programas dependentes do órgano xestor, derivados polas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude logo de proposta do equipos técnicos do menor e coa conformidade da persoa. Excepcionalmente, a participación no Programa de Inserción Socio-Laboral poderase prorrogar ate os 25 anos, para o que se valorará o aproveitamento que a moza ou mozo fixese do programa, a mellora da formación e a empregabilidade que se prevexa acadar coa prórroga así como cos apoios familiares cos que conte.

Consideraranse preferentes á hora de incorporarse ao programa de inserción sociolaboral, todas aquelas mozas e mozos que precisen desenvolver a súa vida de xeito independente da súa propia familia, pola ausencia desta ou por resultar desaconsellable a súa reintegración familiar.

O número aproximado de mozas e mozos do programa é de 500 ao ano, estimándose un número de 200 persoas de xeito simultáneo o que nos da unha ratio aproximada de 50 mozas e mozos por provincia e para o que se prevén cinco técnicas e técnicos distribuídos do seguinte xeito:

- **Provincia A Coruña:** 1 persoa técnica de inserción laboral e outra técnica de inserción con metade da xornada adicada a esta provincia.
- **Provincia Pontevedra:** 1 persoa técnica de inserción laboral e dúas técnicas de inserción con metade da xornada adicada a esta provincia.
- **Provincia de Ourense:** 1 persoa técnica de inserción laboral, unha auxiliar e outra técnica de inserción con metade da xornada adicada a esta provincia.
- **Provincia de Lugo:** 1 persoa técnica de inserción laboral.

En varias das provincias, o número de mozas e mozos atendidos chegou a case duplicarse no concurso anterior polo que foi preciso iniciar un proceso de reflexión e análise da execución e distribución do programa. Así pois, desde xuño do 2020 viñeron desenvolvéndose diversas reunións por parte da Coordinación do Programa de Inserción Socio-Laboral xunto coas Xefaturas de Servizo e Coordinacións de Menores dos Servizos de Protección de Política Social para concretar e afinar uns criterios de alta e de baixa no Programa de Inserción Socio-Laboral, podendo así evitar usar números pechados e dar cobertura á poboación que máis se puidera beneficiar o programa. Os criterios de altas e de baixas preséntanse de seguido.

CRITERIOS DE ALTA NO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL.

Como **criterios de alta no Programa de Inserción Socio-Laboral** establécense as seguintes orientacións:

- Serán altas preferentes aquelas mozas e mozos que precisen desenvolver a súa vida de xeito independente da súa propia familia, pola ausencia desta ou por resultar desaconsellable a súa reintegración familiar.
- Deberá existir unha valoración conxunta entre o Equipo Técnico do Menor e técnico de inserción laboral para o mellor aproveitamento do programa e valorar o número de altas que ten nese momento o técnico de inserción, como prevención para garantir un número adecuado e poder dar unha atención correcta.
- Existencia dun interese en buscar emprego por parte das persoas propostas, descartando a aqueles que non amosan estar nese punto do ciclo vital.
- Descártanse mozas e mozos que están no momento da proposta en procesos persoais que imposibilitan que se centre na busca (falamos de mozas e mozos con problemas fortes de adicciónns; mozas e mozos que se atopan en paradoiro descoñecido ou que están nun momento de inestabilidade emocional que lles impida iniciar este proceso). Nese caso será imprescindible esperar ate a súa estabilización.
- No caso das mozas e mozos estranxeiros, deben dispoñer de permiso de residencia no momento da alta. A súa ausencia impide a entrada ao mercado laboral e a boa parte da oferta formativa.
- É indispensable ter un mínimo coñecemento idiomático que lles permita facer unha busca de emprego e comunicarse ao nivel preciso para estas accións.
- Non serán de alta aquelas persoas que presenten unha capacidade madurativa xeral que faga que non podan aproveitar o Programa de Inserción Socio-Laboral en canto á súa inserción laboral. Falamos de mozas e mozos con discapacidades psíquicas que precisen un acompañamento sociolaboral especializado e que non pode ser cuberto a través do Programa de Inserción Socio-Laboral.
- Contémplase a opción de desenvolver itinerarios *yo-yo* para apoiar a mozas e mozos que buscan definir un itinerario formativo. Sería exemplo disto causar alta no Programa de Inserción Socio-Laboral para definir ese itinerario formativo conxuntamente co técnico de inserción e o persoal educativo do Centro de Menores, causando baixa cando se inicie ese itinerario (orientación escolar) ata que nun futuro haxa unha demanda de emprego pola súa parte. Para causar baixa, pode realizarse de dúas formas a criterio do ETM:

a) Dar unha baixa ordinaria e a posteriori, unha alta (preferiblemente no caso dos menores de idade).
b) Pasar á moza ou ao mozo á categoría de *non operativo* (preferiblemente no caso dos maiores de idade).

A categoría de *non operativo* ten razón de sí cando a moza ou o mozo é maior de idade para poder manter aberto o expediente no Sistema de Protección de Menores asociado polo menos, a un programa (neste caso, o Programa de Inserción Socio-Laboral). As mozas e mozos non operativos computan como altas no Programa de Inserción Socio-Laboral pero o traballo con eles é latente e de seguimento liviano, sen realizar un proxecto de inserción laboral ate que realmente exista a necesidade de prepararse e/ou buscar un emprego. Para elo, o técnico de inserción laboral realizará seguimentos coa moza/o, o seu ETM e o equipo de educadores sociais do centro de referencia.

As mozas e mozos que estean a estudar a ESO/bacharelato ou outros procesos formativos longos, non serán incorporadas ao Programa de Inserción Socio-Laboral salvo que se entenda que o seu proxecto é compatible coa busca de emprego e co acceso ao mundo laboral nun prazo medio de tempo.

- As mozas e mozos que estean a realizar unha formación de tipo profesional poden ser candidatas ao Programa de Inserción Socio-Laboral si se valora que podan compatibilizar ou si se prevé ao remate do curso, unha inserción no mercado laboral. Estamos a falar de formacións de dous anos con carácter eminentemente profesional.
- Tamén se pode valorar a alta no Programa de Inserción Socio-Laboral no caso de persoas que estean a realizar unha formación longa pero que o ETM valore que se lle debe preparar para a vida independente por amenaza de abandono precipitado da formación ou baixa voluntaria no Sistema de Protección de Menores.

MODELO DE COORDINACION COS EQUIPOS TÉCNICOS DO MENOR DA CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL E XUVENTUDE.

O proceso de coordinación cos Equipos Técnicos do Menor da Consellería de Política Social e Xuventude comeza por medio dun contacto inicial, neste **contacto inicial** revisaranse dous aspectos fundamentais para o bo funcionamento do programa, os criterios de alta no programa – recollidos neste mesmo documento na páxina 8 – e por outro lado o cumprimento das ratios de atención que, tal e como recolle o prego de prescripcións técnicas, serán 300 persoas simultaneamente e 600 ao longo do ano. Estes dous factores determinarán, mediante este contacto inicial, a entrada ou non da moza ou mozo no programa.

Continúa por medio dunha **reunión inicial** onde, por medio da Fixación de Obxectivos, onde moza ou mozo, Equipo Técnico do Menor, familia e/ou equipo educativo, manteñen unha reunión na que se aclarará o obxectivo do programa, a voluntariedade do mesmo e se lle dará contexto ao servizo do que vai formar parte, neste caso o Programa de Inserción Socio-Laboral

Resultado desta reunión inicial xurdirá a **alta no programa** nesta alta o equipo técnico do menor e o técnico de inserción acordarán os obxectivos xerais a acadar nesta intervención coa moza ou mozo, obxectivos que se enmarcarán dentro dos recollidos nos pregos administrativos e técnicos para o Programa de Inserción Socio-Laboral

Axuntamos unha pequena gráfica a modo de resumo.

Durante o **transcurso da intervención** o Equipo Técnico do Menor será informado dos avances por medio da renovación do proxecto de inserción laboral que, a modo de **seguimento**, se

renovará cada 6 meses e será entregado ao equipo técnico do mentor de referencia para a moza ou mozo. No caso de existir circunstancias que alteren ou modifiquen sustancialmente a intervención serán comunicadas no instante e rexistradas por medio dunha nota técnica.

O **proceso de baixa** serán acordes aos criterios establecidos neste mesmo protocolo, será previamente consultada e consensuada co ETM correspondente e presentando unha nota técnica por parte da técnica ou técnico de inserción laboral.

CRITERIOS DE BAIXA DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL.

Acórdanse como **criterios de baixa** no Programa de Inserción Socio-Laboral os seguintes:

- Serán baixa aquelas mozas e mozos que non estean a aproveitar o Programa de Inserción Socio-Laboral. Por non aproveitar entendemos acumulación de catro ou máis faltas de asistencia seguidas sen xustificación ás citas da técnica de inserción laboral, a non implicación no proxecto educativo, a non implicación coa busca de emprego e a non localización.
- A valoración / expresión / petición da moza/o de ser baixa do Programa de Inserción Socio-Laboral.
- As mozas e mozos que teñan un emprego de máis de seis meses e teñan formación e habilidades para a busca de emprego. No caso de que estas persoas perderan o emprego, desde Igaxes ofértaselles incorporarse ao Programa Incorpora onde se lles dará soporte laboral nas mesmas oficinas e co mesmo técnico de inserción laboral.
- Aquelas mozas e mozos que muden o seu itinerario formativo – laboral e pasen de buscar emprego activamente a cursaren estudios que se alonguen no tempo, non tendo por tanto interese na busca de emprego.
- As mozas e mozos que cumpran cos obxectivos do seu PIL entendendo como un deles a consecución dun emprego.
- A baixa dunha moza ou dun mozo será previamente consultada e consensuada co ETM correspondente e presentando unha nota técnica por parte da técnica ou técnico de inserción laboral.

Ditos acordos quedan abertos para poder ser modificados na medida en que o programa medre e avance, entendendo que os programas deben ser adaptados ás necesidades das persoas usuarias e non ao revés, atendendo ademais ás características cambiantes da nosa poboación e ás novas necesidades que podan ir ocorrendo. A través da Coordinación do Programa de Inserción Socio-Laboral e por parte das Xefaturas de Servizo e das Coordinacións de Menores, será indispensable unha comunicación fluída para analizar a evolución dos mesmos.

PROCESO ALTA NO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL.

Para recibir os servizos prestados polo Programa de Inserción Socio-Laboral é condición indispensable ter un alta da moza e do mozo que será emitido polo ETM correspondente. Este alta busca acadar tres obxectivos principais:

- Regularizar a nivel administrativo a incorporación das mozas e dos mozos ao Programa de Inserción Socio-Laboral.
- Facer consciente ás mozas e mozos da importancia do paso que está a dar cara ao seu futuro persoal e cara á saída do sistema de protección de menores.
- Que se garanta o cumprimento dos protocolos de funcionamento dos Centros de Menores en Galicia, desenvoltos pola Dirección Xeral de Familia, infancia e Dinamización Demográfica e que na súa última versión están en vigor desde o día 15 de setembro do 2016.

Para a realización da alta no Programa seguiranse **os seguintes pasos:**

- Previamente á proposta de alta no programa debe realizarse unha entrevista de incorporación voluntaria ao Programa de Inserción Socio-Laboral / fixación de obxectivos coa moza ou co mozo. A esta entrevista asistirán na medida do posible a persoa participante, a persoa representante do ETM correspondente e por suposto o persoal técnico de inserción laboral do Programa de Inserción Socio-Laboral. Podería darse o caso de que participase a súa persoa titora do centro de acollida residencial ou algún familiar se o ETM o considerase oportuno. Nesta entrevista informarase á moza e mozo do funcionamento e obxectivos do programa facendo énfase na importancia da súa implicación neste cara ao seu futuro persoal, coñecendo ademais, na medida do posible, os seus intereses. No caso de mozas e mozos residentes en centros de menores situados nunha provincia diferente a onde pertencen (por exemplo, moza que pertence á Delegación de Lugo pero reside en Acollemento residencial na provincia de Pontevedra) esta fixación de obxectivos, co coñecemento do Equipo Técnico de Menores correspondente manterase en presenza do persoal educativo. Para a realización da fixación de obxectivos usaremos o **ANEXO 1** que logo será volcado no Programa MN.
- Unha vez realizada a incorporación voluntaria ao Programa de Inserción Socio-Laboral / fixación de obxectivos, procede facer ao ETM o a proposta de incorporación, co visto bo da Coordinación de Menores e a aprobación do Xefatura de Servizo de Familia, infancia e Dinamización Demográfica. Nesta proposta débese indicar o plan de traballo a desenvolver coa moza ou mozo. Unha vez aprobada a proposta remitirase este documento de alta á sede central de Igaxes por rexistro electrónico na medida do posible.
- No momento da recepción, a técnica ou técnico de inserción dará inicio ás actuacións necesarias para a consecución do seu proxecto de inserción socio laboral. Avaliarase conxuntamente coa moza ou co mozo as súas características persoais, nivel de estudos, experiencia laboral e expectativas de futuro. Pode contrastar con outros recursos presentes na súa vida facendo unha valoración conxunta cara a onde debe orientarse ao ou á participante no Programa. Para a elaboración do PIL e renovación, remitímonos ao protocolo que existe para tal fin, pero presentamos un gráfico – resumo:

Realización do PIL aos 45 días da alta no Programa de Inserción Socio-Laboral.

Renovación do PIL aos seis meses da entrega do primeiro PIL.

Internamente, o persoal técnico de inserción laboral debe de realizar a alta a través de MN cos seguintes pasos:

1. Non se da de alta a ningunha moza ou mozo sen ter feita a incorporación voluntaria ao Programa de Inserción Socio-Laboral / fixación de obxectivos. Desde que esa acción está feita e se teñen os primeiros datos, procédese a abrir MN e acudir á pestaña de persoas atendidas. É preciso clicar sobre o botón **"ALTA".**



2. Cúbrense os datos da moza e do mozo que se podan, con especial interese os datos persoais de persoas atendidas, datos administrativos e Mentor que se poden atopar na barra sinalada a continuación:



3. Para rexistrar a **fixación de obxectivos** na carpeta de MN da moza ou do mozo e que poda verse en "historial", é preciso seleccionar esa actuación (Ruta: historial; selección do "+" ao borde dereito; buscar na barra "fixación de obxectivos":



4. O documento da alta no Programa de Inserción Socio-Laboral por parte do ETM debe de recibirse tras a fixación dos obxectivos. Cando ese documento se reciba, debe de subirse a MN na actuación correspondente de alta no Programa de Inserción Socio-Laboral:

Consideracións:

- No momento de dar a alta a unha moza ou mozo en MN, é imprescindible asociar unha data que sae por defecto. No momento de recibir a alta oficial do ETM, cómpre mudar este espazo:



- Á moza ou ao mozo hai que asignarlle un programa en MN. A data de asignación ten que cadrar coa data de alta na ficha inicial arriba descrita:



- Se o ETM enviase a alta antes da realización da fixación de obxectivos e antes de manter ao persoal técnico de inserción laboral en preaviso, será preciso falar co ETM para recordar os pasos nun primeiro lugar. A continuación, o persoal técnico de inserción laboral valorará segundo o número de altas que teña nese mes xunto coa Coordinación do Programa de Inserción Socio-Laboral, se pode atender esa alta nese mes ou no vindeiro, avisando tamén ao ETM. Só tras realizar a fixación de obxectivos se abre a ficha. Se para ese momento, desde a data de alta xa pasaron os 45 días da realización e entrega do PIL, acordarase coa coordinación do Programa de Inserción Socio-Laboral deixar este feito reflexado nunha incidencia leve.

PROCESO BAIXA DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL.

No momento no que se remate o traballo coa moza ou co mozo, o persoal técnico de inserción laboral contactará co ETM para propoñer a baixa e xustificala. Dado o visto bo por parte do ETM, procederase a emitir por parte do persoal técnico de inserción laboral, unha nota técnica **(ANEXO 2)** coa proposta da baixa. Posteriormente, correspóndelle ao ETM o envío da resolución da proposta de baixa do programa.

Internamente, o persoal técnico de inserción laboral debe de realizar a nota técnica de baixa a través de MN cos seguintes pasos:



Posteriormente, envíase encriptada por correo electrónico ao ETM correspondente e á coordinación do Programa de Inserción Socio-Laboral e quedará gardada nesa actuación correspondente. A data da nota técnica será a data da baixa da moza ou do mozo e teremos que indicar en pestaña mentor que consta como baixa en seguimento:



Nese momento, desde o Programa de Inserción Socio-Laboral garántense catro seguimentos: aos seis meses, aos doce meses, aos dezaoito meses e aos vinte e catro meses que se deben de rexistrar na actuación correspondente (Seguimento 1, 2, 3 ou 4):



No momento no que se deixe de contactar coa moza ou co mozo ou ben, rematado o último seguimento, pasaría a ser unha baixa definitiva e polo tanto, debe de rexistrarse adecuadamente en pestaña mentor:



E tamén na pestaña exp. proxectos/servizos coa data do envío da nota técnica:



O persoal técnico de inserción laboral debe de permanecer atento para recibir a baixa formalizada por parte do ETM e tamén rexistrala en MN na actuación correspondente, dando así o trámite a nivel administrativo, rematado:



ORIENTACIÓN DAS FASES DE TRABALLO COAS MOZAS E MOZOS:

1.1. ANÁLISE DA REALIDADE E DEFINICIÓN DOS OBXECTIVOS DE TRABALLO INDIVIDUAIS

Moitas das mozas e mozos no momento de incorporarse ao Programa de Inserción Socio-Laboral non teñen claro cales son os seus obxectivos formativo - laborais. Traballamos cunhas idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos e que en moitos casos non se formularon cales son os seus obxectivos laborais, e que tampouco teñen unha visión realista do mercado laboral, co que se fai preciso un traballo de valoración.

Para apoiar ás mozas e mozos neste proceso, o persoal técnico de inserción laboral desenvolverá accións como:

- Entrevistas e titorías.
- Obradoiros e actividades de emprego.
- Sesións formativas ao arredor do idioma.
- Traballo sobre as potencialidades e autoestima da moza e do mozo.
- Acompañamentos a recursos formativos e de emprego.
- Visitas a empresas (Artesa) para coñecer as características dos postos de traballo que poden desempeñar.
- Procesos de mentoría con persoas que participaron no programa.

1.2. EXECUCIÓN DO PLAN DE TRABALLO

Unha vez coñecidos e definidos os intereses e os obxectivos de traballo coas mozas e mozos, iníciase o traballo en seis meses que dura o PIL podendo distinguir as seguintes áreas:

- **Formación en técnicas de busca de emprego:** as mozas e mozos que se incorporan ao Programa de Inserción Socio-Laboral presentan en xeral un coñecemento do mercado laboral e das técnicas e recursos para a busca de emprego cando menos escasa, sendo preciso desenvolver un proceso de formación en técnicas de busca de emprego, de tal xeito que acadará como mínimo os seguintes coñecementos:

✓ Definirá os seus ámbitos de interese.

✓ Saberá facer uso dos recursos relacionados coa busca de emprego no seu ámbito de residencia, tanto o lugar físico como as características destes.

✓ Será capaz de facer un currículo adaptado a cada oferta, así como preparar e manter unha entrevista de traballo.

✓ Será coñecedora/or a nivel xeral dos seus dereitos e obrigas como persoa traballadora.

- **Busca de emprego:** apoiaremos ás mozas e mozos coas seguintes accións, entre outras

✓ Definición dun plan persoal de busca de emprego, onde se comprometerá a facer unha busca persoal e adaptada aos seus intereses, revisándose conxuntamente o nivel de cumprimento desa busca.

✓ Presentación no tecido asociativo e en empresas colaboradoras do Programa de Inserción Socio-Laboral para facilitar a súa incorporación laboral aos posibles postos de traballo.

- **Formación no emprego:** esta fase de formación é necesaria para acadar unha mínima capacitación profesional, e polo tanto necesaria para incrementar a súa empregabilidade e competencias específicas para aqueles postos de traballo que poida acadar.

Realizaranse mediante a derivación e participación en accións formativas ocupacionais ou de formación pre laboral. A moza ou o mozo fará formación naqueles cursos que teñan relación co seu itinerario de inserción laboral e para os que reúna os requisitos de acceso esixidos e que permitan ampliar as posibilidades de incorporación sociolaboral, entre os que atopamos as seguintes alternativas:

- ✓ Cursos de formación para desempregados do Servizo Público de Emprego (Programación AFD ou outros).
- ✓ Programas de Formación Profesional Básica xestionados pola Consellería de Educación.
- ✓ Ciclos Medios ou Superiores de formación profesional regrada.
- ✓ Cursos desenvoltos en academias privadas de formación.
- ✓ Cursos específicos de sectores como o marítimo ou outros.
- ✓ Convenios formativos desenvoltos por esta entidade con empresas.
- ✓ Accións formativas deseñadas dentro do Programa de Inserción Socio-Laboral.
- ✓ Cursos Incorpora xestionados por Igaxes.

Seleccionada a formación, o persoal técnico de inserción laboral realizará un seguimento continuo da súa evolución da cal informará ao ETM a través do PIL minimamente. Se a moza ou o mozo reside nun centro, acollemento familiar ou vivenda tutelada, coordinaranse accións oportunas.

- **Inserción laboral:** acompañará o proceso de incorporación laboral da moza ou do mozo da seguinte forma:

- ✓ Facilitando información e titorizando o proceso.
- ✓ Farase un seguimento da súa evolución na empresa.
- ✓ Apoiará o proceso de mantemento do emprego.
- ✓ Intermediación coa empresa.
- ✓ Informarase da súa evolución ao ETM e centro de referencia de ser o caso.

ANEXOS

ANEXO 1: INCORPORACIÓN VOLUNTARIA AO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL

INCORPORACIÓN VOLUNTARIA AO PROGRAMA MENTOR
FIXACIÓN INICIAL DE OBXECTIVOS FORMATIVOS LABORAIS

Nome e apelidos:					
D.N.I.:		NIE:		Pasaporte:	
Nacionalidade:					
Data de nacemento:					
Situación xuridica:					
Enderezo:				C.P.:	
Tel/s. de contacto:					
E-mail:					
Delegación territorial:					

COMPROMISO VOLUNTARIO:

1) Acudirei puntualmente a tódalas citas que me fixe a miña técnica/o do Programa Mentor.
2) Participarei activamente en tódalas actividades dadas polo Programa Mentor para que poida pola mina conta atopar un emprego ou un curso de formación ocupacional.
3) Colaborarei co Programa Mentor permitindo que faga un seguimento da miña formación ocupacional ou emprego que poida atopar.

Acepto voluntariamente cumprir todos os obxectivos formativos-laborais ao longo do meu proxecto (PIL). En caso de non cumprilos pola miña parte, admito poder ser dada/o de baixa no Programa Mentor:

Para que conste aos efectos oportunos, asino a presente en _____ en data _____:

Moza/o:

Asdo:

Equipo técnico do menor:

Asdo:

Persoal técnico de inserción laboral:

Asdo:

Informámoscho de que o responsable do tratamento é INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR (en adiante, IGAXES), con CIF G15784978 con domicilio social na Rúa do Vallo, 63-65, 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña), organización inscrita no rexistro de Asociacións nº 621/2001 e no rexistro de entidades prestadoras de servicios sociais da Xunta de Galicia con nº E4857.
Igaxes xustifica a regular os seus datos de carácter pessoal, baixo o dispuesto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (RGPD) relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos pessoais e á libre circulación destes datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos pessoais e garantía dos dereitos dixitais e na Lexislación en materia de servizos da sociedade da Información e de comercio electrónico. (LSSICE).

Programa Mentor

Tipos de datos pessoais que se tratarán (en diante Datos Pessoais):

- Datos pessoais que nos facilite a intervención e titularidade do programa do que forma parte.
- Aqueles Datos Pessoais que nos facilite durante a tramitación, xestión, reclamación ou autorización en favor da nosa entidade.
- Datos pessoais que nos aporte mediante unha rede social ou outra aplicación para a xestión da súa información. Estes datos dependen da propia configuración de privacidade, uso da rede social ou da aplicación e das políticas de privacidade de ditas redes sociais ou aplicacións.
- Consentimento para o tratamento con fines de xestión.
- Cesión de datos a terceiros: Igaxes non realizará cesión de Datos Pessoais a terceiros sen obtelo previamente o seu consentimento, coa salvedade daqueles precisos para o cumprimento das obrigas legais que Igaxes está sometida en cada momento e por natureza da súa actividade. Os datos pessoais poderán comunicarse a Administracións Públicas e Autoridades.

Para exercer o seus dereitos (acceso, rectificación ou oposición) sobre os seus datos pessoais pode ponerse en contacto connosco por medio do correo electrónico (igaxes@igaxes.org) ou ben por medio de carta escrita (Rúa do Vallo, 63-65, 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

ANEXO 2: MODELO DE NOTA TÉCNICA

NOTA TÉCNICA

Apellidos e Nome:
Data de nacemento:
Data de alta do recurso:
Situación administrativa:
Xefatura Territorial:
Equipo técnico:

MOTIVO:
SITUACIÓN:

Asdo.:

Equipo educativo / Técnica(o) de inserción laboral
IGAXES
Programa Mentor

Informámosche de que o responsable do tratamento é INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR (en adiante, IGAXES), con CIF G15784978, con domicilio social na Praza do Vallrio 63-65, 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña), organización inscrita no rexistro de Asociacións con nº 621/2001 e no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia con nº E4057.
Igaxes acóllese a regular os seus datos de carácter persoal baixo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (RGPD) relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na lexislación en materia de servizos da sociedade da Información e de comercio electrónico. (LSSICE).

Tipos de datos persoais que se tratarán (en diante Datos Persoais):

- Datos persoais que nos facilite a intervención e finalidade do programa do que forma parte
- Aqueles Datos Persoais que nos facilite durante a tramitación, xestión, reclamación ou autorización en favor da nosa entidade
- Datos persoais que nos aporte: mediante unha rede social ou outra aplicación para a xestión da súa Información. Estes datos dependen da propia configuración de privacidade, uso da rede social ou da aplicación e das políticas de privacidade de ditas redes social ou aplicacións.
- Consentimento para o tratamento con fines de xestión
- Cesións de datos a terceiros: Igaxes non realizará cesión de Datos Persoais a terceiros sen obter previamente o seu consentimento, coa salvedade daqueles precisos para o cumprimento das obrigas legais sin que Igaxes está sometido en cada momento e por natureza da súa actividade. Os datos persoais poderán comunicarse a Administracións Públicas e Autoridades

Para exercer o seus dereitos (acceso, rectificación ou oposición) sobre os seus datos persoais pode ponerse en contacto connosco por medio do correo electrónico igaxes@igaxes.org ou ben por medio de carta escrita (Praza do Vallrio 63-65, 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

1

Programa Mentor

Programa de Inserción Socio-Laboral

igaxes